

## PEZA DO MES

novembro

2013



**PICOS CAMPOSANQUENSES**

## Picos camposanquenses

As pezas que nos ocupan son tres picos camposanquenses que proceden dos achados fortuítos da zona litoral de Oia (Pontevedra), recollidos en superficie no primeiro terzo do século XX e ingresados pola Comisión de Monumentos no fondo do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. Descoñecemos o seu recolledor e doador, así como a data de ingreso no dito fondo.

Trátase de tres clásicos picos que mostran os números 428, 438 e 441, escritos con tinta negra sobre a súa face ventral.

O número 428 é un pico ancho, cunha lonxitude de 9,25 cm, unha anchura máxima de 7,9 cm e un grosor de 2,9 cm. O seu peso é de 283 gr.

O número 438 é un pico estreito, cunha lonxitude de 8,35 cm, anchura máxima de 5,02 cm e o grosor de 3,1 cm. O seu peso é de 136 gr.

O número 441 é un pico mediano, cunha lonxitude de 9,5 cm, anchura máxima de 6,6 cm e o grosor de 3,1 cm. O seu peso é de 254,5 gr.

Todos eles son cuarcitas de erosión e puimento mariño. Talláronse unifacialmente, de forma ruda e con percusor duro. Os tres amosan sinais de rolamento. O número 441 ten algunha extracción, posiblemente accidental ou do uso pola súa face dorsal. As arestas están moi romas. Ningún amosa pegadas de ter sido mangado.

O clásico pico camposanquense (ancorense, asturense) corresponde a un útil con numerosas pezas atopadas en superficie ao longo de todo o século XX e ata á actualidade nas costas do SO de Galicia e o N de Portugal sobre todo ao N e o S da desembocadura dos ríos Miño, Limia, Neiva, Cávado, etc. nunha ampla zona litoral que vai desde Baiona (Pontevedra), ata a zona do Porto (Douro litoral) (Clark, 1976). Tamén aparecen nas beiras do Tejo (Muge e Sado) incluído nos cuncheiros clásicos destas zonas. Encontrouse en cuncheiros que van desde San Vicente ata Faro.

O tipo de pico definiuse “como un instrumento con sección triangular, que conserva o córtex sobre unha das caras e do que se extraeron con rudeza lascas doutra para formar unha punta oposta ao talón” (Serpa, 1931), todo isto realizado sobre un “seixo aplanado de forma ovoide” (Ferrier, 1949). Ou ben como un seixo cuarcítico, aplanado e redondeado, de pequena ou mediana dimensión, de talla unifacial, cun retoque primario, feito cun percusor duro, facendo saltar lascas sobre unha parte da circunferencia do canto, para dar lugar a unha punta longa e estreita. Pode ter retoque secundario para regularizar os bordos. Estes son rectilíneos ou cóncavos. A parte oposta á punta conserva o córtex e é redondeada.

En sección a peza é ovalada na súa base, cuadrangular no punto medio do eixo e triédrica preto da punta.

O pico asturense apareceu por vez primeira no cantábrico, descuberta polo conde de la Vega del Sella na cova de Penical (1914). Sábese que Breuil recolleu xa picos no 1908 na cova do Quintanal (Blamorí) e amosoullos ao conde. Este manifestou, nun principio, a súa adscripción a unha transición entre o Acheulense e o Mustierense, pero máis tarde e despois dos seus traballos na Riera, La Fonfría e o Quintanal decídese por unha idadeospaleolítica e preneolítica (1923).

Trátase dunha industria sobre seixos tallados, da cal o máis típico é o pico asturense. Adoita atoparse en hábitat de covas e ás veces ao aire libre, como en Luarca, Cudillero e Avilés (e mesmo *in situ*, con estratigrafía definida como en Bañugues) (Blas, 1978). Fundamentalmente, atópanse en cuncheiros, o que implica unha inmensa explotación de recursos mariños (moluscos e crustáceos), cuxas cunchas constitúen os niveis arqueolóxicos cimentados dos xacementos. Dátanse como holocénicos e sempre preto da costa. A súa datación oscila entre os 7300 ± 400 a. C. en Mazaculos II e 4800 ± 165 a. C. en Bricia (períodos Boreal e comezos do Atlántico). Existen cuncheiros con cerámica xa plenamente neolíticos.

Dos cuncheiros asturenses en covas “soamente existen fragmentos (...) lapidificados pola acción da calcaria disolvida nas augas emanadas das paredes e o teito das covas. Estes restos encóntranse soldados ás paredes e ao chan actual” (Jordá Cerdá, 1977). As accións posteriores, hídricas ou humanas, destruíron o resto do cuncheiro. As cunchas teríanse amoreado sobre a entrada das covas, sobre os estratos azilenses, madalenenses e solutrenses. Así ao desaparecer o tapón do cuncheiro, este queda nas paredes, teito e os estratos anteriores do Mesolítico e do Paleolítico superior.

No 1924, Cruz e Luissier, xesuítas de Camposancos, recollen nas terrazas do Miño uns seixos tallados, que son avaliados por J. Fontes e publicados no Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense (Tomo 7, núm. 160) (Fontes, 1925). Encadrounos no Chelense.

Pouco despois E. Jalhay estuda os artefactos recollidos na costa SO de Pontevedra e asimílaos, sobre a base do pico asturense como “fósil director”, ao asturense publicado polo conde de la Vega del Sella en 1923. Así publica “El Asturiense en Galicia” no boletín ourensán anteriormente citado. (Tomo 7, núm. 165) (Jalhay, 1925).

Na costa de Portugal, entre Viana e Caminha, aparecen novos conxuntos líticos semellantes que son bautizados como “ancorense” (Serpa Pinto, 1928; Paço, 1929; Viana, 1940).

Jalhay amplía os seus estudos (1928-1933) ata crear toda unha terminoloxía sobre os artefactos: “picos apalmados”, “picos ancorense”, “picos camposanquenses”, etc.

Fernández Costas, no núm. 64 da Revista Nós (1929), mantén que hai unha mestura entre as industrias “asturenses” da costa e as industrias castrexas próximas.

Son os traballos de H. Breuil e G. Zbyszewski os que van marcar un xiro na adscrición cronolóxica dos achados da costa. Breuil considera que o Camposanquense é sincrónico do languedocense (das terrazas de Garona), sobre todo pola existencia como “fósil director” da “paleta disco”, polo que sitúa no Würm e como antecesor do pre-asturenses esta fase (paleolítico medio). Meroc (1965) desmonta o languedocense e demostra que a “paleta disco” atópase en momentos moi dispares cronoloxicamente. Porén, as teorías de Breuil van ser incorporadas como base teórico metodolóxica en todos os estudos de Álvarez Blázquez e Bouza Brey, quen determinarán aos artefactos da Guarda e de Camposancos (1949) e posteriormente a industria do Rosal, Tomiño e Oia (1952) unha cronoloxía que vai desde o achelense antigo ata ao asturenses pasando polo languedocense (por iso o camposanquense, o ancorenses e o proto-asturenses, serían encadrados no paleolítico medio e superior, ata entón descoñecido na zona.

Tamén inflúen nos estudos xeolóxicos de Lautensach (1945), Zbyszewski (1943), Feio (1948) e Teixeira (1952), aínda que as súas datacións relativas e os lugares onde sitúan as terrazas fluviais e mariñas son tan dispares e difiren tanto entre eles que rematan sendo de imposible uso.

Cuevillas, na Historia de Galiza de Otero Pedrayo (1973), mantén as similitudes do asturenses galego e asturiano, entroncándoo ideoloxicamente nas industrias da Bretaña e Irlanda, nunha clara instrumentación dos datos ao servizo da súa teoría das relación atlánticas protohistóricas de Galicia.

É a partir das controvertidas escavacións do xacemento de Budiño, descuberto por Nonn (1964) e escavado por Aguirre (1963-1964), Vidal Encinas (1980-1981) e Méndez (2007), cando se pon en evidencia que existen na área os baleiros que os autores anteriores reenchiron en falso. Budiño documéntase cunha ocupación no pleistoceno medio (achelense) e outra no mustierense. Aínda que a problemática de Budiño segue sendo as súa datación, cun claro desfase entre o tipo de industria (arcaica) e a súa datación absoluta (24700-16000 a. C.) (Butzer, 1967). Tense dito deste xacemento que ten unha cultura lítica do paleolítico inferior e unha cronoloxía do paleolítico superior. Así, Aguirre pretendeu unir certos aspectos de Budiño con Camposancos, co paleolítico portugués e co asturenses.

Nos últimos anos toda esta maraña foi rexeitada con intensas prospeccións e escavacións *in situ* na área costeira do SO galego. Hoxe concíbese o camposanquense (é dicir, o conxunto lítico litoral do S de Pontevedra) como un conxunto non homoxéneo, nin cultural nin cronoloxicamente, senón como o produto mesturado da actividade de varias culturas, que ocuparon diacronicamente o mesmo ámbito xeográfico e empregaron a mesma materia prima (seixos cuarcíticos).

Así para Cano Pan e Vázquez Varela (1987) existen na área varios horizontes mesturados: un Achelense escaso, un xacemento tardiglacial-holocénico coma o de Fiales (Oia), un Bronce final en Portecelo (O Rosal), un castrexo prerromano no Castro da Forca (A Guarda), un castrexo romanizado no Trega (A Guarda) e horizontes máis ou menos contemporáneos (pesos de rede e tallas experimentais).

O termo camposanquense debe abandonarse por non designar ningunha industria concreta. Incluso a investigación bibliográfica xerada por el é tan abafadora que supera calquera síntese coherente, se atopa máis de 100 títulos, con toda clase de contidos máis ou menos reais. A súa asignación cronolóxico-cultural alcanza tal inconsistencia que vai desde o paleolítico inferior (Do Paço, 1929) á época castrexa (Mergelina, 1939-1940).

Algúns autores, baseándose en achados illados de picos nos castros do litoral, consideráronos como propios da cultura castrexa (Viana, 1940; Fernández Rodríguez, 1955) pero o problema foi abandonado e resolveuse cun minucioso estudo sobre “La industria lítica tallada en la cultura castreña de Galicia” (Cano Pan, 1988), nos que diferencia e distingue: seixos tallados unifaciais, seixos tallados bifaciais, seixos tallados dobres, protodiscos, pesas, núcleos e percutores. O autor mantén que as controversias co Camposanquense débense exclusivamente á explotación do mesmo nicho e a mesma materia e que as diverxencias son moito maiores en canto aos bordos, apuntamento, diversificación da talla, etc. A talla de pedra nos castros vai ter unha gran perdurabilidade, pois vai dende o século III a. C. ao século II d. C.; pero é allea aos verdadeiros picos asturenses e ambas as dúas industrias teñen cronoloxías diferentes.

O baleiro local do paleolítico superior na costa SO de Galicia foi felizmente enchido polo estudo e escavación do xacemento *in situ* de Fiales (Puerto Canela, Oia, Pontevedra), situado ao nivel do mar e cunha industria lítica, sobre cuarzo e cuarcita, con útiles predominantemente de tipo lasca sobre escasos tipos nucleares. Hai ademais raedeiras, denticulados, escotes, raspadeiras etc. O conxunto poderíase encadrar, aínda que con algún seixo tallado e algún pico, no paleolítico superior. Foi ademais estudado edafo-palinoloxicamente (Aira, Saá e Taboada, 1989) situándoo (dada a escaseza de vexetación arbórea e a abundancia en gramíneas e compostas) no preholoceno recente, é dicir, entre o tardiglacial e o holoceno, o que coincide plenamente co tipo de industria lítica atopada. Por iso Fiales podería ser a primeira representación dos cazadores-recolectores da zona costeira. Este feito novidoso reviste unha grande importancia, a pesar de que a súa industria non está tallada en sílex (materia por excelencia deste período). Aínda que tamén temos que sinalar que da zona se coñecen indicios de artefactos sobre sílex (Filgueira Valverde e García Alén, 1975; Abad Gallego, 1989) de orixe dubidosa (¿veta de sílex mergullada?, ¿lastre de barcos?).

Os picos galaico portugueses presentan unha serie de modalidades tecno-morfolóxicas, baseadas na súa elaboración a partir de dous soportes que dan lugar a dúas cadeas técnicas (Cano Pan, 1988):

O tipo clásico realizado sobre un seixo de cuarcita, que dá lugar a protopico, pico I ou pico Camposancos, pico II ou pico Asturense, seixos con bisel e picos bifaciais (raros).

O tipo realizado sobre unha gran lasca de primeira orde: instrumentos con extraccións directas ou inversas; idem con bordos biselados e cortantes.

Disto, dedúcese que os picos galaico-portugueses son moito máis variados que os cantábricos, que adoitan ser unifaciais, que hai un tipo morfotecnicamente idéntico ao asturense cantábrico, que as pezas orixinais moitas veces son reavivadas para dar lugar a seixos con arestas cortantes.

Son de indubidable filiación contemporánea co asturense os cuncheiros portugueses ao aire libre, que se localizan nas beiras do Muge e do Sado, ambos os dous afluentes do Tejo. Eran coñecidos desde mediados do século XIX (Merry, 1975; Rolao, 2006). Xunto a grandes montóns de cunchas de moluscos e crustáceos, así como outros restos ictiolóxicos e de vertebrados, aparecen pezas microlíticas xeométricas de sílex (como se as industrias epipaleolíticas *sensu stricto* e mesolíticas idem estivesen unidas) (González Morales e Clark, 2004). Estes cuncheiros, próximos aos restos das cabanas e de sepulturas, esténdense nun período que vai dende o 8000 a. C., cun apoxeo cara ao 5500-4800 a. C., é dicir, en pleno período atlántico do holoceno (Roche, 1972, 1977; Jackes e Meikjonh, 2008).

Xacementos similares hai no Alentejo e no Algarve. Así mesmo, poden relacionarse máis amplamente cos cuncheiros mesolíticos de toda a Europa Atlántica (os chamados Kjekkenmoddingos) que se reparten dende Portugal ata ao litoral danés cando menos.

En canto ao posible uso do pico asturense é tamén algo obxecto de controversia e especulacións. Pensouse, dada a súa vinculación xeral á explotación económica da liña costeira, que o uso concreto do pico foi o de desprender lapas, segundo afirmou xa o conde de la Vega del Sella. Este uso foi defendido por Madariaga (1968, 1976), que incluso o denominou “pico marisqueiro”. Hoxe en día non é posible precisar a súa utilidade. Os sinais de uso atopados nalgúns picos adoitan ser marcas de desgaste ou esteladuras na punta, o que pode

ser debido a múltiples usos. Sen dúbida presentan pouco uso lateral, ou sexa nos seus fíos. Outros teñen sinais de percusión no córtex da base, o que indica que serviu de martelo ou de percusor.

Tal vez esteamos ante un tipo de útil de uso múltiple (como os bifaces) ou ante un instrumento para cavar ou incluso para traballar a madeira.

Tamén puido ter un uso ritual secundario como se mostra no enterramento do Molino de Gasparí, Colombres (Ribadeva, Asturias), onde ao carón do esqueleto, nun nicho xunto ao cráneo, atopáronse tres picos asturenses (Carballo e Álvarez Nava, 1924; Gómez Tabanera e Cano, 1974).

En Galicia, onde hai cuncheiros non hai asturenses e onde existen os asturenses non hai cuncheiros.

Así, non coñecemos cuncheiros en covas, nin cuncheiros tipo Muge-Sado, para estas datas. Pero como exemplo de aproveitamento de recursos mariños de épocas castrexas e galaico castrexas temos os estudos de Vázquez Varela (1983-1993) e o traballo específico sobre os cuncheiros do Tegra (Fernández e Rodríguez, 1994). Neste último estudo (sobre cinco cuncheiros do castro) enuméranse, á parte dos restos achados de macrofauna (ovella, cabra, vaca, galiña e porco), as especies explotadas do medio mariño de zonas próximas á citania. Delas, se illamos a ictiofauna presente (maragota, robaliza, chaperella, gádidos, etc), o maior volume dos depósitos corresponde a lapas (*Patella vulgata*, *P. intermedia* e *P. Aspera*), seguidos en moita menor medida de mexillón (*Mytillus edulis vel gallo-provincialis*), caramuxo (*Monodonta lineata*), bigaro (*Littorina littorea*) e escasos restos de percebes (*Pollicipes cornucopia*), ourizos de mar (*Paracentrotus lividus*) e crustáceos. Especies coincidentes coas achadas nos cuncheiros asturenses. Se extrapolamos estes restos, xa de época histórica, ao que puido ser o aproveitamento dos recursos mariños polas poboacións cazadoras-recolectoras da costa SO de Galicia no holoceno, na súa facies asturense, teremos unha idea aproximada do que investigacións futuras poderían confirmarnos.

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Vicente Rodríguez Gracia.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 







XUNTA  
DE GALICIA